

**Nai**  
**Sabela**

**Gm**                    **F**  
Montes usurpados  
**Eb**                    **D7**  
Sustentos desprotexidos  
**Gm**                    **F**  
Labranzas esquecidas  
**Eb**                    **D7**  
Loitas desestimadas.

Paraísos con dono  
Pedras que berran  
Autoras sen alento,  
pra seguir.

**Cm**                    **Bb**  
Rúas molladas, de?choiva?que alerta  
**Eb**                    **Bb**  
Os mares?tinguidos, preguntan, por que?

**Cm**                    **Bb**  
Mais con iso,?nosa nai ama  
**Eb**                    **F**  
Mais con iso, nosa nai ama.

**Gm**                    **Dm**  
Nai de mares, e de amares  
**F**                    **Eb**  
Nai de lumes, e aloumiños  
**Gm**  
Nai de todas  
**Dm**  
Nai de naide  
**F**  
Nai que medra  
**Eb**  
Nai esperta.

Terras que acollen, sorrisos e dores  
Matriarcas, airiños, feridas e albores  
Senlleiro poder, de non naufragar  
Forza, mareira que arrastra o mar.

Rúas molladas de choiva que arroupa  
Cantos que avivan o noso querer.

E con iso, nosa nai ama

E con iso, nosa nai ama.

Nai de mares, e de amares  
Nai de lumes, e aloumiños  
Nai de todas  
Nai de naide  
Nai que medra  
Nai esperta.

Nai coidada  
Nai que vive  
Nai de alento  
Nai refuxio.

Primero en [#AcordesWeb.com](https://www.acordesweb.com)